



CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A DIFUSIÓN INFORMATIVA DA CAPITALIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA NOS MEDIOS DE COMUNICACIÓN DE EL CORREO GALLEGO NO ANO 2019 ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO E A EDITORIAL COMPOSTELA, S.A.

Santiago de Compostela, 29 de marzo de 2019

REÚNENSE

Dunha parte, Román Rodríguez González, que actúa en representación da Consellería de Cultura e Turismo, en virtude do seu cargo de conselleiro, para o que foi nomeado polo Decreto 97/2018, do 26 de setembro, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia e o artigo 2 da Resolución do 8 de abril de 1991, pola que se publica o acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991; actuando así mesmo en representación da **Fundación Cidade da Cultura de Galicia**, con CIF G15721640 e domicilio en Cidade da Cultura de Galicia, Edificio CINC terceira planta, Monte Gaiás, s/n, código postal 15707, Santiago de Compostela, en calidade de Presidente do Padroado da Fundación, segundo o disposto no artigo 9 dos Estatutos da Fundación Cidade da Cultura de Galicia; en representación da **Axencia Galega das Industrias Culturais** con NIF Q6550009B e enderezo na Cidade da Cultura de Galicia, Monte Gaiás s/n, Santiago de Compostela, en calidade de presidente do Consello Reitor no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo pola Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais e o Decreto 150/2012, de 12 de xullo, polo que se aproba o Estatuto da Axencia Galega das Industrias Culturais.

Doutra parte, Angel Remesar Zabaleta, con DNI 15917290W, actuando en nome e representación da entidade **Editorial Compostela, S.A.**, con NIF A15000391, en virtude de poder outorgado o día 17 de febreiro de 1995, ante o notario do Ilmo. Colexio da Coruña Manuel Peregil Cambón, baixo o nº 235 do seu protocolo.

As dúas partes interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das súas facultades para convir no nome das entidades que representan teñan conferidas, e,





EXPOÑEN

Primeiro: Que a Xunta de Galicia ten competencia exclusiva sobre Patrimonio cultural, de acordo con establecido no artigo 27.18 do Estatuto de Autonomía, en consonancia co estipulado no artigo 148.1.16 da Constitución Española; en virtude desa competencia ditamos a Lei 5/2016 do 4 de maio de 2016, do patrimonio cultural de Galicia. Tamén ten atribuídas funcións en materia de fomento da cultura, de acordo co establecido no artigo 27.19º do Estatuto de Autonomía, en consonancia co estipulado no artigo 148.1º.17ª da Constitución Española. Dentro dese ámbito competencial, a Consellería de Cultura e Turismo vén desenvolvendo dende anos atrás unha serie de actuacións encamiñadas á divulgación, información e promoción da cultura, para achegar o máximo posible o noso patrimonio cultural á sociedade en xeral.

Segundo: A Consellería de Cultura e Turismo, dentro dos ámbitos da súa competencia amósase receptiva a todas aquelas iniciativas culturais e turísticas que teñan por obxecto a realización de actividades de promoción e divulgación do patrimonio e da cultura galega.

Terceiro: Que a CONSELLERÍA considera esencial o establecemento de accións conxuntas que permitan levar a cabo unha campaña de difusión e información a través dos medios de comunicación das potencialidades da cidade de Santiago de Compostela mediante a difusión de información relativa á imaxe e Santiago de Compostela nos ámbitos de actuación da consellería. A difusión tomará como eixos: as letras, o audiovisual, o musical, as artes escénicas, o patrimonio cultural e outros moitos, todos eles relacionados coa cultura e o turismo galego.

Santiago converteuse nun punto de referencia obrigada para a cultura en Galicia. Santiago foi capital europea da Cultura, distinción que foi concedida en recoñecemento ao seu dinamismo cultural e a súa labor de difusión cultural ao longo da historia; Santiago tamén é Cidade Patrimonio da Humanidade e por suposto meta do Camiño de Santiago. A todas estas razón temos que engadirlle tamén que Santiago é a capital de Galicia e polo tanto o mellor expoñente dunha cultura única como é a galega.

Hai que recordar que en 1987 Santiago convertíase na primeira cidade en obter o Primeiro Itinerario Cultural Europeo a través do Camiño de Santiago, acadando unha gran proxección



internacional. O camiño ten unha gran relevancia universal tratándose dun espazo cultural e patrimonial vivo. Ao longo do ano 2018, máis de 300.000 persoas percorreron a ruta de peregrinación máis antiga de Europa visitando a capital de Santiago de Compostela, e beneficiándose da riqueza e diversidade cultural e patrimonial de Santiago.

No ano 2021 Santiago de Compostela volverá a ser un punto de confluencia de todas as rutas do camiño dende todos os lugares do mundo xa que é ano santo compostelán. O Xacobeo 2021 foi declarado acontecemento de excepcional interese público. Parte das medidas de actuación que se poden aplicar para conseguir que o Xacobeo 2021 sexa un evento cultural, relixioso, patrimonial e lúdico que atraia a miles de peregrinos é a difusión da información sobre as potencialidades de Santiago de Compostela e comarca nos distintos ámbitos cultural, patrimonial, social e turístico.

Cuarto: Que os medios de comunicación son institucións esenciais para o proceso de formación da opinión pública e, polo tanto, para o correcto funcionamento das institucións democráticas. As liberdades do artigo 20 da Constitución non son só dereitos fundamentais de cada cidadán, senón que significan o recoñecemento e a garantía dunha institución pública libre, de tal xeito que para que o cidadán poida formar libremente as súas opinións e participar de xeito responsable nos asuntos públicos, ten que ser tamén informado amplamente de maneira que poda ponderar as opinións diversas e incluso contrapostas.

Deste xeito, a información e comunicación difundidas a través dos medios de comunicación constitúe un instrumento esencial para o desenvolvemento pleno da persoa, tanto a nivel individual como social.

En definitiva, os medios de comunicación social desempeñan un papel de intermediario natural entre a información e cantos non están en condicións de coñecela directamente, papel que se acrecenta con respecto a acontecementos que pola súa entidade poden afectar a todos, e por elo acadan unha específica resonancia social.

Quinto: Que a Consellería de Cultura e turismo, como órgano competente en materia de promoción e difusión da nosa cultura, considera esencial levar a cabo actuacións conxuntas que contribúan a que os cidadán dispoñan da maior e mellor información posible.





Sexto: Que a Editorial Compostela é a empresa matriz do grupo El Correo Gallego, grupo de comunicación de ampla difusión en Santiago de Compostela, que integra o xornal en formato papel El Correo Gallego e o xornal dixital www.elcorreogallego.es, Correo TV e Radio Obradoiro. El Correo Gallego é o único periódico da capital de Santiago, é polo tanto o que máis información ofrece sobre a capital.

A Editorial Compostela vai a desenvolver uns faladoiros na súa televisión e difundir información no xornal en formato papel e no xornal dixital, sobre as potencialidades de Santiago de Compostela e comarca nos ámbitos cultural e turístico.

Sétimo: Que as dúas partes, que teñen intereses comúns e coincidentes, manifestan a súa vontade de colaborar conxuntamente na difusión informativa, na realización de faladoiros e accións complementarias tendentes a divulgar as potencialidades de Santiago de Compostela no ámbito cultural. As ditas actuacións teñen por finalidade a consecución dun fin de interese xeral, como é a divulgación das potencialidades de Santiago de Compostela co fin de poñer en valor aqueles aspectos culturais e patrimoniais que a fan única, co obxectivo de conseguir aumentar progresivamente a presenza e participación dos cidadáns nestes actos.

Polo exposto, e tendo en conta os fins e obxectivos expostos, as dúas partes acordan celebrar un convenio de colaboración de acordo coas seguintes,

ESTIPULACIÓNS

Primeira. Obxecto

Este convenio ten por obxecto establecer as condicións a través das cales se vai articular a colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo, a Axencia Galega das Industrias Culturais, a Fundación Cidade da Cultura e a Editorial Compostela para contribuír á realización de actuacións de difusión da cidade de Santiago de Compostela no ámbito relacionado coa cultura e co patrimonio cultural.

Santiago de Compostela convértese en paradigma de cidade universal por ser meta de peregrinación, non só relixiosa, senón tamén cultural. A peregrinación a Santiago é o acontecer máis destacable, feito recoñecido polo Parlamento Europeo que designou o Camiño de





Santiago como o Primeiro Itinerario Cultural Europeo. En 1985 foi declarada cidade “Patrimonio de la Humanidad” pola UNESCO ao considerar que a súa beleza urbana e a súa integridade monumental se engadían aos profundos ecos da súa significación espiritual como santuario apostólico e destino do máis importante movemento relixioso e cultural da Idade Media: a peregrinación polo Camiño de Santiago. No ano 2000 a Unión Europea outórgalle a Santiago “Cidade Europea da Cultura”; este recoñecemento pon de relieve a riqueza e a diversidade cultural.

A Consellería de Cultura e Turismo e a Editorial Compostela van colaborar para a difusión a través dos medios de comunicación de información relativa á imaxe de Santiago de Compostela no ámbito de actuación da consellería, como é o caso do Camiño de Santiago e as iniciativas turísticas, a Cidade da Cultura, as actividades e programacións culturais, as iniciativas das industrias do subsector cultural, os espectáculos musicais, audiovisuais, teatrais ou de danza e calquera outra información que poida difundir unha imaxe moderna e de futuro da cidade de Santiago de Compostela garantindo a máxima difusión da actividade.

Santiago de Compostela, ademais de capital de Galicia, é capital europea da Cultura, Cidade Patrimonio Cultural da Humanidade, meta do Camiño de Santiago e a primeira cidade en obter o Primeiro Itinerario Cultural Europeo en 1987. Todas estas razóns fan que Santiago de Compostela sexa o mellor expoñente dunha cultura única como é a galega e que a mellor forma de promover, difundir e transmitir esta riqueza sexa a través dos medios de comunicación, que son a mellor opción para a difusión da información e desempeñan un papel de intermediario natural entre quen quere transmitir a información e o destinatario final, os cidadáns.

Do mesmo xeito cómpre ampliar neste ano a difusión de información sobre as potencialidades de Santiago de Compostela e comarca nos ámbitos cultural, patrimonial, social e turístico vinculada á declaración do Xacobeo 2021 como acontecemento de excepcional interese público, co fin de incrementar o coñecemento da cidadanía deste importante evento cultural.

Segunda. Obrigas das partes

1. A colaboración da Editorial Compostela consistirá nun incremento da información existente actualmente de tipo cultural nos medios de comunicación, para conseguir acadar os seguintes obxectivos.





- a. Un mínimo de 20 páxinas na publicación do xornal El Correo Gallego, sobre os aspectos informativos relacionados no obxecto deste convenio.
- b. Unha publicación de 4 reportaxes de dúas páxinas cada unha sobre os aspectos informativos relacionados no obxecto deste convenio.
- c. Unha inserción dun banner na edición dixital www.elcorreogallego.es.
- d. A realización de 2 faladoiros na televisión Correo TV sobre os aspectos informativos relacionados no obxecto deste convenio.
- e. A realización dunha acción especial de promoción da capitalidade de Santiago de Compostela.
- f. A elaboración da información para a súa difusión no medio correspondente, sen que a Xunta de Galicia poida determinar o contido concreto da información publicada. O volume e a frecuencia das noticias está absolutamente vinculado á intensidade informativa de cada momento e á actualidade informativa.
- g. Conservar os documentos xustificativos das accións realizadas, que estarán á disposición da Secretaría Xeral de Medios da Xunta de Galicia para que, no seu caso, poidan realizarse as actuacións de comprobación pertinentes.

A sinatura deste convenio implica, de ser o caso, a autorización á Consellería de Cultura e Turismo para solicitar as certificacións acreditativas de que se atopa ao corrente das obrigas tributarias estatais e autonómica e da seguridade social, así como que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos, disposición adicional cuarta da Lei 40/1998, de 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias, e demais disposicións de aplicación (Anexo III).

A Editorial Compostela ten a obriga de prestar colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e ao Consello de Contas.

A Editorial Compostela está obrigada a relacionarse exclusivamente por medios electrónicos coa administración en base ao establecido no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas.





2. Serán obrigas da Consellería de Cultura e Turismo:

- a. Aboar o importe correspondente, logo da xustificación da execución das accións a desenvolver, de acordo co establecido neste convenio para os pagamentos.
- b. Proporcionar á Editorial Compostela os datos e a documentación que se lle requira e que garante a obxectividade e veracidade da información.
- c. A consellería comprométese a facilitar, cando sexa preciso, o apoio e asesoramento técnico na labor de promoción e difusión relacionados coas actividades obxecto este convenio.

Terceira. Liña editorial

A fixación da liña editorial e a conseguinte responsabilidade editorial dos contidos publicados correspóndelle ao medio de comunicación, que elaborará con cargo aos medios técnicos e humanos de que dispón toda a información, noticias e publicacións obxecto deste convenio.

Cuarta. Financiamento

Para a realización conxunta das actividades, o importe total ascende a 153.300 €.

A consellería contribuirá no desenvolvemento das actividades previstas neste convenio coa achega de 115.000 €, (IVE incluído), segundo a seguinte distribución.

Xestor	Importe	Aplicación Orzamentaria/ Conta contable
Secretaría Xeral Técnica	30.000 €	11.10.431A.640.0
Dirección xeral de Patrimonio Cultural	40.000€	11.30.433A.640.1
Axencia Galega das Industrias Culturais	15.000€	11.A1.432B.640.1
Fundación Cidade da Cultura de Galicia	30.000€	Conta 627
Total	115.000 €	

A Editorial Compostela achegará medios materiais, recursos humanos e técnicos precisos para a realización da actividades e financiará gasto por importe de 38.300 € (IVE incluído).





Ditas achegas financiarán exclusivamente o custo de realización das actuacións obxecto deste convenio, sen que ningunha das partes convenientes obteña lucro ningún.

Para o caso de utilizar materiais e/ou documentos básicos elaborados conxuntamente polas partes asinantes serán de titularidade e uso común, sen prexuízo dos dereitos de propiedade intelectual que, de ser o caso, os protexan fronte a terceiros.

As partes asinantes farán constar, nun lugar destacado, a colaboración da consellería e do medio de prensa e, sexa cal for o medio de difusión, cada unha das partes comprométese a facer mención da outra parte deste convenio.

Quinta. Xustificación dos gastos

A documentación requirida na fase xustificativa presentarse electronicamente na Carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante, <https://sede.xunta.es/carpeta-do-cidadan>.

O prazo para xustificar as iniciativas realizadas coa convocatoria e desenvolvemento do premio remata o 20 de decembro de 2019.

Logo da realización da actividade prevista no obxecto do convenio, a Editorial Compostela S.A. presentará electronicamente a seguinte documentación xustificativa:

1. Declaración responsable asinada electronicamente da realización do obxecto do convenio (modelo Anexo II).
2. Certificación detallada asinada electronicamente pola persoa responsable da relación de gastos que orixine a execución das actividades previstas neste convenio, xustificadas coas correspondentes facturas. Inclúirá a xustificación detallada dos gastos asumidos pola empresa editora para a realización da publicación ou publicacións que correspondan.
3. Unha memoria xustificativa de todas as actuacións realizadas xunto coa documentación acreditativa.

Para percibir o pagamento a Editorial Compostela S.A. presentará a antedita documentación a través da sede electrónica seguindo as seguintes instrucións:





Na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>) figura, na guía de procedementos e servizos, o modelo de solicitude co código do procedemento: **PR004A** (ANEXO I: presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico nin cun modelo electrónico normalizado).

A Editorial presentará as xustificación nas respectivas unidades administrativas, tendo en conta a distribución que aparece na cláusula cuarta “financiamento” deste convenio. Para a presentación da documentación xustificativa deberán ter en conta os seguintes códigos:

Destino. Consellería: CULTURA E TURISMO

Unidade administrativa	Código unidade
Secretaría Xeral Técnica	A12025013
Dirección xeral de Patrimonio Cultural	A12025014
Axencia Galega das Industrias Culturais	A12024999
Fundación Cidade da Cultura de Galicia	A12024998

A consellería, a través do xestores respectivos, unha vez recibida a correspondente documentación xustificativa, realizará o libramento das cantidades establecidas na cláusula cuarta “financiamento”.

Aos efectos desta xustificación, consideraranse os gastos realizados no ano 2019 a partir da data de sinatura do presente convenio e que respondan á natureza da actividade realizada.

No caso de que a xustificación dos gastos sexa inferior ao importe do convenio, a achega da Consellería de Cultura e Turismo diminuírase proporcionalmente.

A entidade asinante deste convenio responsabilizarase da veracidade dos documentos que presenten.

Sexta. Utilización da lingua galega

Todas as accións e actividades que se realicen en galego ao abeiro deste convenio deberán levar a cabo de acordo coas vixentes *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*, aprobadas pola Real Academia Galega no ano 2003, segundo se establece na disposición



adicional da Lei 3/1983, de 15 de xuño, de normalización lingüística. Así mesmo, coidarase especialmente do respecto rigoroso da toponimia oficial nos termos previstos no artigo 10 da citada Lei.

Sétima. Transparencia e bo goberno. Rexistro de convenios

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Así mesmo, a Editorial Compostela acepta e consinte a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Oitava. Comisión de seguimento

Créase unha comisión mixta de seguimento para aclarar as dúbidas derivadas da interpretación e execución deste convenio, que estará integrada por:

- Director Xeral de Políticas Culturais ou a persoa en quen delegue.
- Director xeral da AGADIC ou a persoa en quen delegue.
- Directora da Fundación Cidade da Cultura ou persoa en quen delegue.
- Un representante da Editorial Compostela S.A.

Novena. Avaliación dos resultados

A Consellería de Cultura e Turismo avaliará a realización das actividades contempladas na estipulación segunda do convenio e a súa incidencia efectiva na participación da sociedade.

Décima. Vixencia

Este convenio estará vixente dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2019.

Décimo primeira. Responsabilidade das actuacións

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades previstas e a Xunta de Galicia, de tal xeito que a esta non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.





Décimo segunda. Modificación denuncia e rescisión do convenio

As partes poderán denunciar ou modificar o presente convenio en calquera momento por mutuo acordo.

Serán causas de resolución do presente convenio e darán lugar, no seu caso, ao reintegro das cantidades percibidas cos seus correspondentes xuros de mora, as seguintes:

- O incumprimento de calquera das cláusulas establecidas no mesmo.
- A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
- Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.

Décimo terceira. Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Décimo cuarta. Normativa aplicable e xurisdición

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas estipulacións, e quedará suxeito ao disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Aínda que é un dos excluídos do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (BOE 9-11-2017) segundo especifica o seu artigo 6, ao non previsto



e de acordo co artigo 4 da citada lei aplicaráselle os principios recollidos nela, co fin de resolver dúbidas e omisións que puidesen presentarse. Así mesmo, supletoriamente terase en conta o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, pola que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e demais normativa vixente na materia.

A xurisdición contencioso administrativa será competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir da aplicación deste convenio.

Este convenio obriga ás partes que o asinan ao seu cumprimento, e ambas as dúas sométense ao acordado en tódalas estipulacións.

Pola Consellería de Cultura e Turismo,
Axencia Galega das Industrias Culturais,
Fundación Cidade da Cultura

Román Rodríguez González



Pola Editorial Compostela

Angel Remesar Zabaleta



ANEXO I

ORZAMENTO DAS ACTIVIDADES PREVISTAS

CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A DIFUSIÓN INFORMATIVA DA CAPITALIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA NOS MEDIOS DE COMUNICACIÓN DE EL CORREO GALLEGO NO 2019 ENTRE CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO E A EDITORIAL COMPOSTELA, S.A.

Acción	Total custo	Unidades	Custo unitario
Páxinas sobre os aspectos informativos	63.180 €	20	3.159 €
Reportaxe de 2 páxinas	25.250 €	4	6.312,50 €
Acción especial divulgativa	11.370 €	1	11.375 €
Banner	30.800 €	1	30.800 €
Faladoiros en Correo	22.700 €	2	11.350 €
Total	153.300 €		





ANEXO II

DECLARACIÓN RESPONSABLE DA REALIZACIÓN PARCIAL DAS ACTIVIDADES

CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A DIFUSIÓN INFORMATIVA DA CAPITALIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA NOS MEDIOS DE COMUNICACIÓN DE EL CORREO GALLEGO NO 2018 ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO E A EDITORIAL COMPOSTELA, S.A.

D/D^a con DNI....., en calidade deda entidade

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE, nos termos establecidos no artigo 69 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas

Que a empresa realizou as actividades obxecto do convenio de referencia, nos termos sinalados na estipulación segunda sobre as obrigas das partes.

Concepto	Unidades en convenio	Unidades realizadas no mes

(Sinatura)

En..... de de.....





ANEXO III

**AUTORIZACIÓN PARA OBTEN OS CERTIFICADOS DE OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA
SEGURIDADE SOCIAL**

**CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A DIFUSIÓN INFORMATIVA DA CAPITALIDADE DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA NOS MEDIOS DE COMUNICACIÓN DE EL CORREO GALLEGO NO
2018 ENTRE CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO E A EDITORIAL COMPOSTELA, S.A.**

D/D^a..... con DNI, en calidade
de da
entidade,

D/D^a con DNI, en calidade
de da
entidade,

AUTORIZO

Á Consellería de Cultura e Turismo a obter de forma directa as certificacións acreditativas de
estar ao corrente nos pagamentos coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, a
Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de facenda da
Xunta de Galicia.

(Sinatura)

..... de de

